

DINÁMICAS PARA A COMPETENCIA SOCIAL AS PEZAS NUN CONFLITO



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Experimentar a importancia dos puntos de vista ante un conflito.
- ★ Ofrecer a oportunidade de aprender a importancia que ten dispoñer de información para resolver calquera conflito.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ Preparación da dinámica: Descargamos o pdf coas imaxes dos quebracabezas, recórtámolas e agrupámolas, utilizando clips (cada grupo conforma unha imaxe).
- ★ Unha vez na clase, formamos equipos de alumnos (un máximo de 6 compoñentes por equipo).
- ★ A cada un dos compoñentes do equipo entregámoslle un anaco dunha das imaxes, que aínda non pode ver.
- ★ Os compoñentes de cada equipo, antes de ver as imaxes, dispérsanse pola clase, de forma que non poidan ver que conteñen as imaxes dos demais. Escriben, no seu anaco de imaxe, que pensan que é.
- ★ Unha vez que todos os alumnos/as tentaron descifrar a imaxe, volven reunir e forman o quebracabezas.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ Que vos pareceu o xogo? Gustouvos? Fixestes algunha trampa?
- ★ Cantos de vós descubristes a imaxe da que formaba parte a vosa peza? A que pensades que se debeu? Era máis representativa da imaxe final?
- ★ Necesitastes todas as pezas para descubrir a imaxe?
- ★ Pasouvos algunha vez que elexistes unha das partes nun conflito sen ter información sobre a outra, cunha única versión? Pensades que poderedes posicionarvos sen dispoñer de toda a información?
- ★ Pasouvos algunha vez que vos enfadastes con alguén porque non soubestes adiviñar ben a que se debía o seu comportamento, por non ter toda a información?
- ★ Que pensades que poderíades facer a próxima vez que vos vexades involucrados como parte ou como persoa espectadora dun conflito?
- ★ Que poderíades facer para ter o maior número de pezas para resolver o conflito?

MATERIAIS

- ★ Pezas dos puzzles recortadas e agrupadas (nas follas seguintes).









